



## CONCELLO DE CHANTADA

**DON MANUEL LORENZO VARELA RODRÍGUEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)**

**DECRETO.- RESULTADO FINAL DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA PARA FACILITAR A EMPREGABILIDADE E OCUPABILIDADE DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO SERRA DO FARO VIII.-**

**Vista** a Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG nº 85 do 4 de maio de 2023, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

**Visto** o expediente relativo ao Obradoiro Dual de Emprego “Serra do Faro VIII” da Agrupación de Concellos de Carballedo, Chantada e Taboada, sendo a entidade promotora o Concello de Chantada, no cal estaba contemplado a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea.

**Vistas** as bases do proceso de referencia, aprobadas por Decreto desta Alcaldía do Concello de Chantada de data 11 de novembro de 2024.

Considerando que as bases completas da convocatoria xunto cos modelos de solicitude foron publicados con data 06/11/2024 na páxina web do Concello de Chantada, <http://www.concellodechantada.org> no apartado de Actualidade.

Considerando que, conforme se establecía nas bases, o anuncio co extracto da convocatoria foi publicado no BOP de Lugo con data 09/11/2024. As amentadas bases establecían que “o prazo de presentación das solicitudes será de sete días naturais (7) contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte”.

Considerando que o prazo de presentación de solicitudes rematou o pasado 16 de novembro de 2024, e posto que non se presentaron solicitudes para participar na presente convocatoria por parte de ningunha entidade beneficiaria dos incentivos á contratación,

Esta Alcaldía, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o resultado final da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea para facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego Serra do Faro VIII, sendo o seguinte:

- ENTIDADES BENEFICIARIAS PRESENTADAS AO PROCESO: NINGUNHA.
- RESULTADO FINAL DO PROCESO DE REFERENCIA: DESERTO.

**SEGUNDO.-** Proceder á publicación do presente acordo no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Chantada <http://www.concellodechantada.org> no apartado de Actualidade.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, aos efectos oportunos.

En Chantada a data sinatura electrónica.-  
O alcalde, D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.  
O secretario, D. Fernando María Torre Comesaña.

CONCELLO DE CHANTADA

Praza de España, Nº 1-CP: 27500 Chantada (Lugo)-Tfno. 982440011-email: [concello@concellodechantada.org](mailto:concello@concellodechantada.org)

